



PLAN DE CONVIVENCIA

Aprobado en CCP xuño 2018
Aprobado no CE xuño 2018
Revisado: 08 de febreiro de 2023

SUMARIO

Preámbulo; páx.

Contexto de aplicación do Plan de convivencia; páx.

Diagnose da situación de convivencia do centro; páx.

Obxectivos a acadar neste Plan de convivencia; páx.

Recursos e actuacións; páx.

Normas de organización e funcionamento NOF; páx.

Procedemento específico para o tratamento do acoso escolar; páx.

Dez actividades para mellorar a convivencia no centro; páx.

Difusión e avaliación deste Plan de convivencia; páx.

LIMIAR

O presente Plan de Convivencia pretende ser un documento práctico e eficaz, que permita á nosa comunidade educativa ter unha referencia con respecto ás normas democráticas de convivencia que deberán ser asumidas por todos na aula, nas dependencias do centro, nas actividades complementarias e extraescolares e que, mesmo, nos sirvan de guía na nosa vida en xeral.

O Proxecto Educativo do IES O Couto fai fincapé nun ensino:

- Para a vida en sociedade, inserido no medio próximo pero aberto ao conxunto dos problemas da humanidade.
- En valores, para convivir solidariamente e resolver problemas mediante o diálogo e a cooperación.
- Sen exclusións.
- Democrático, para que todos os membros da comunidade desexemos e poidamos participar en todo o que rodea estes postulados.

Opinamos que fomentar as boas relacións interpersoais, dialogar, escoitar de xeito activo e interactuar é favorecer a convivencia, porque convivir é vivir en harmonía coas persoas que nos rodean e co medio no que nos desenvolvemos. A convivir apréndese convivindo e, por esta mesma razón, traballaremos para introducir no noso centro unha cultura educativa que fomente un adecuado clima de convivencia e que poida restablecelo no caso de que ocasionalmente se vexa alterado. Neste senso, este plan de convivencia escolar atenderá de xeito especial a:

- Desenvolver o autoconñecemento e a autoestima.
 - Fomentar a autonomía e a crítica construtiva.
 - Dinamizar e apoiar a participación e o traballo en equipo.
 - Apuntalar o respecto mutuo, aceptando de xeito especial o diferente.
 - Practicar a tolerancia e a aceptación de normas democráticas de convivencia.
 - Adquirir compromisos e tomar decisións consensuadas.
 - Promover a aceptación social e persoal de todo o alumnado.
 - Ter en conta as emocións e os sentimentos das persoas a través do diálogo para mellorar as relacións persoais.
 - Prever a aparición de posibles conflitos.
 - Fomentar a implicación das familias no Plan de Convivencia do centro.
-

CONTEXTO DE APLICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Alumnado

O noso centro sitúase no barrio ourensán do Couto. A meirande parte dos alumnos e alumnas que recibe proceden do propio barrio de O Couto, dos barrios limítrofes da Carballeira e Vistafermosa e do concello de Toén e vive nos seus domicilios familiares.

A matrícula no presente curso 2017-2018 ascende a 412 alumnos. O índice de alumnos procedentes do estranxeiro oscila entre un 11% e un 13%, con diferentes graos de adaptación no itinerario da secundaria obrigatoria. Os países de procedencia do alumnado inmigrante son maioritariamente latinoamericanos, e entre eles destacan a República Dominicana, Colombia, Brasil, Venezuela, Ecuador, Perú e Arxentina. A bastante distancia sitúanse as doutras procedencias como Marrocos, Cuba e Romanía, que teñen menos presenza xeral nas nosas aulas. Asemade, entre o alumnado do centro contamos con varios alumnos que viven no centro de acollida para menores de idade que a administración ten no veciño barrio da Carballeira.

Os alumnos declaran que elixiron o ensino público por proximidade, por prestixio e calidade ou por acadar un maior grao de liberdade. Os que declaran non ser satisfactorio o seu rendemento académico sinalan, por esta orde, as seguintes causas: falta de dedicación ao estudo, falla de base e diferentes niveis de esixencia entre os seus profesores. É de salientar a autocrítica do alumnado neste aspecto, xa que o 60% recoñece a necesidade dunha adicación máis constante ao traballo escolar. Resulta destacable o número de alumnos que declara adicar a esta tarefa unha hora, ou menos, do seu tempo diario.

O alumnado de ESO e bacharelato permanece no centro de luns a venres en horario de 8,30h a 14.00h, e os luns pola tarde dende as 16,20h até as 18.00h horas. Maioritariamente, os nosos alumnos adican o seu tempo de lecer a ver televisión, saír cos amigos e xogar coa consola. Unha cuarta parte das alumnas e alumnos practican deporte federado, estudan idiomas ou van ao conservatorio. Moitos deles declaran que nas súas casas hai libros de consulta pero non de divulgación e entretenemento e admiten que o investimento en libros, tanto persoal como familiar, é pequeno, dato este último relacionado cun certo desinterese pola lectura. Debemos aspirar a que esta continxencia se invirta a medio prazo coa axuda da dinámica positiva que promoven os grupos de lectura inseridos no Plan Lector e no Plan de Dinamización da nosa biblioteca escolar.

No que atinxe á convivencia no centro, o alumnado concede especial atención a que se respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade. Non obstante, a alteración do correcto desenvolvemento das clases prodúcese con relativa fre-

cuencia nalgúns cursos da ESO. Esta situación deriva da presenza nas aulas de individuos pouco vinculados coas actividades académicas do centro que poden alterar o correcto desenvolvemento diario das actividades de ensino e aprendizaxe dos seus compañeiros e compañeiras. Este é un aspecto no que debe afondar este Plan de Convivencia.

Profesorado

No curso 2017-2018 o claustro de profesores e profesoras do noso centro conta con corenta e seis membros, a maioría de orixe galega. Conformamos un claustro que se pode considerar de mediana idade, con varios membros próximos á xubilación. Por regra xeral, na meirande parte dos casos a licenciatura do profesorado correspóndese coas materias que dispensa.

Moitos membros do claustro séntense partícipes da marcha e organización do centro, aínda que hai un 20% que declara sentirse desvinculado e prefire non alterar os seus hábitos previos. As relacións entre compañeiros son cordiais para as tres cuartas partes do claustro. A meirande parte do profesorado trata de ti o alumnado e tolera o mesmo trato á inversa. Hai un 10% que se inclina polo tratamento mutuo de respecto e cortesía (vostede).

A maioría dos profesores e profesoras do centro considera necesarias as actividades complementarias e extraescolares como instrumento axeitado para mellorar a formación do alumnado e como complemento do currículo. No que respecta á organización e desenvolvemento destas actividades, o sentir xeralizado é que se deben realizar de xeito continuado ao longo do curso, a poder ser de xeito interdisciplinario, dentro e fóra do horario lectivo, e figurar contempladas na programación xeral anual dunha maneira estable, en especial aquelas que demostran unha mellor acollida entre a comunidade educativa. O grao de asunción de compromisos á hora de organizar algunha actividade varía con cada novo curso pero, en liñas xerais, a inmensa maioría dos docentes asume a organización de actividades en colaboración con outros compañeiros e compañeiras do claustro.

No que atinxe ao grao de satisfacción persoal atinxido na realización do labor docente podemos consideralo regular. Rexístrase un descontento bastante xeral cando se analiza a eficacia dos resultados obtidos, non tanto nos cursos de bacharelato senón máis ben nos grupos da ESO. Este descontento nos resultados académicos na ESO é maior nos cursos inferiores ca nos superiores. Sen entrarmos na consideración social do traballo dos profesores, os motivos que ao noso xuízo teñen maior incidencia no fracaso escolar no noso centro son, en orde descendente, os seguintes: a falla de base, a desmotivación dalgúns alumnos que chegan a se sentir presos nas aulas, o pouco hábito de estudo, algúns factores socioambientais e a densidade e extensión dos programas académicos das materias. Hai que subliñar, porén, que o profesorado do centro se esforza en adecuar o seu labor docente ás novas directrices da LOMCE e ao uso das TICs. Outro lamento que se escolta a miúdo é a rapidez coa que cambian as leis de educación.

En materia de convivencia, as queixas máis frecuentes do profesorado son as derivadas da presenza obrigada nas aulas de alumnos e alumnas que amosan, en xeral e de maneira constante, pouco interese polas súas clases (non traballan, non traen o material requirido, non prestan atención, distraen os seus compañeiros interrompindo a marcha normal da clase...). O profesorado do centro dá especial importancia aos casos nos que o alumno amosa falla de respecto ao profesor, máxime se esta se produce en público e atenta contra a autoridade do propio profesor. Outro tipo de faltas ante as que o profesorado se sente especialmente sensibilizado son as provocadas por aquelas condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia. O incremento, duns anos para acá, da presenza nas nosas aulas de alumnado inmigrante obriga a extremar a vixilancia con respecto a este tipo de comportamentos, aínda que cómpre aclarar que, polo de agora, este tipo de comportamentos resulta claramente excepcional e alleo ao clima de convivencia que goberna o día a día do IES O Couto. Velaquí algunhas liñas de actuación futuras nas que debe afondar este Plan de Convivencia.

Familias

A procedencia familiar dos nosos alumnos e alumnas é maioritariamente rural, se ben eles naceron xa na cidade. Trátase de familias tipo de catro membros por término medio. A taxa de paro dos pais é similar á media estatal, aínda que este dato non ten unha influencia negativa directa no rendemento escolar dos seus fillos. As profesións dos pais son, en orde decrecente: traballadores autónomos, pequenos empresarios, obreiros cualificados, funcionarios e traballadores por conta allea. De regra, posúen estudos medios ou elementais, pero son minoría os que acadaron estudos superiores. As nais son amas de casa e só unha terceira parte traballa ademais noutras actividades. Os estudos das nais son similares aos dos pais. A calidade de vida dos alumnos e alumnas do centro pódese considerar digna sen grandes pretensións. É dicir, o nivel socioeconómico das familias da meirande parte do alumnado correspóndese co da clase media.

Os pais danlle importancia ás reunións centro – familia, pero non están dispostos na súa totalidade a participar na Asociación de Nais/Pais (ANPA). Valoran os coñecementos dos fillos, que acaden boas cualificacións e que sexan solidarios cos seus semellantes. A algúns pais gustaríalles que se propuxesen máis reunións, que se lles remitise máis información e que o centro celebrase xornadas de portas abertas para intercambiar información e para crear un clima de maior complicidade.

No que atinxe á convivencia, aos pais preocúpanlles especialmente os procederes dos alumnos que poidan interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos e obstaculizar que as clases se desenvolvan en condicións óptimas. Non obstante, a implicación dos pais no tema que nos ocupa é pouco satisfactoria, xa que moitos deles -hai excepcións- acoden ao centro só cando hai un problema que afecte de maneira concreta ao seu fillo ou filla ou para coñecer de cerca a súa marcha académica persoal. Este tipo de visitas dos pais, ademais, son moi espaciadas no tempo e, moitas veces, prodúcense cando xa é tarde. O contacto coas familias resulta, en xeral, doado e fluído, aínda que nalgúns casos individuais, que en ocasións coinciden co alumnado peor adaptado a nivel de comportamento no centro, non sempre resulta doado poñerse en comunicación con eles e establecer unha colaboración leal e mantida no tempo que poida axudar a mellorar a situación dos seus fillos.

DIAGNOSE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Nos últimos anos non se teñen producido no IES O Couto graves problemas de convivencia. Sempre en liñas xerais, o ambiente do centro é positivo e tranquilo, e o sistema de relacións reinante entre os que nel convivimos é correcto e respectuoso. Podemos, xa que logo, concluír que os problemas non son graves e que os conflitos non son profundos.

Pero o anterior non nos debe facer crer que a convivencia no IES O Couto non coñeza episodios que a alteren. O alumnado recoñece que ás veces actúa de xeito inadecuado e, unha parte del demanda maior intensidade na aplicación das normas disciplinarias. O profesorado manifesta que algúns dos problemas nacen na falla de comunicación entre os membros do claustro, e quéixase da pouca implicación dalgúns pais e nais no proceso educativo dos seus fillos e fillas e tamén da desmotivación e a falta de interese no estudo dalgún sector do alumnado.

O tipo de conduta problemática máis frecuente e que corresponde, polo xeral, aos cursos de 1º e 2º da ESO, ten que ver con incumprimento de deberes escolares, coa inculcación de dereitos de carácter leve e coa reiteración das faltas que se acaban de citar. Estes comportamentos eméndanse fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións das NOF contempladas para tales casos. Por diferentes motivos, nos cursos de 3º e 4º da ESO estes problemas de convivencia son menos acusados ou presentan outras variantes. Nos cursos de bacharelato o desenvolvemento das clases prodúcese con normalidade e a convivencia non supón maiores problemas.

Tamén de forma illada teñen aparecido casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula que impedían o desenvolvemento normal da clase. En xeral este tipo de comportamento manifestábase en forma de interrupcións á explicación do profesor, que nalgún caso podían derivar en enfrontamentos que incluían faltas de respecto ás súas indicacións. Son poucos os alumnos con este comportamento que, polo xeral, adoita manifestarse en alumnos que non amosan interese ningún polas materias, que acoden a clase sen o material necesario, que teñen repetido curso algunha vez ao longo da súa escolarización, que presentan trastornos de

aprendizaxe e que acumulan un significativo retraso escolar. A idade deste perfil de alumno oscila entre os 14 e 16 anos, e, polo xeral, agardan chegar á idade legal que lles permita abandonar o ensino obrigatorio para abandonar o centro. Algúns destes alumnos tamén presentan condutas problemáticas nas súas casas.

En resumo, a convivencia no noso centro non presenta problemas graves pero non convén baixar a garda porque o conflito pode aparecer en calquera momento. O obxectivo fundamental a que aspira este Plan de Convivencia debe ser o de reforzar a boa convivencia existente e buscar as estratexias necesarias para melloralas onde falle, analizando as causas, achegando propostas e tomando as medidas oportunas.

Respostas que se deron a esta diagnose

Dos partes de incidencias co alumnado recollidos pola xefatura de estudos dedúcese que as alteracións de convivencia que máis se produciron no noso centro durante os últimos cursos teñen que ver con condutas contrarias á norma que alteran a convivencia de xeito leve. O seguinte relatorio pode valer de exemplo:

- Falar, rir ou molestar na aula de forma continuada.
- Ignorar as indicacións do profesor ou do persoal non docente.
- Xesticular de maneira impropia ou dirixirse a algún membro da comunidade de forma insolente ou maleducada.
- Usar o móbil, dispositivos MP3 ou similares.
- Maltratar o material ou as instalacións.
- Furtar material aos compañeiros.
- Ofender verbalmente aos compañeiros ou participar nalgunha pelexa.
- Non facer as tarefas escolares.
- Adicarse na aula a materias distintas daquela que se está impartindo.
- Faltar ao respecto ao profesorado.
- Faltar a clase máis de cinco veces de xeito inxustificado.
- Chegar máis de tres veces a clase con retraso sen motivo xustificado.
- Permanecer en espazos do centro non permitidos ao alumnado.
- Saír do centro sen permiso.

Como xa sinalamos máis arriba, os grupos nos que se concentra a maioría dos partes de incidencias son os de 1 e 2º ESO. Os meses nos que se incrementa o número de partes coinciden co terceiro trimestre do curso e as horas máis conflictivas son as de despois do recreo da mañá.

Para corrixir condutas contrarias á norma utilizamos no centro un sistema de sancións que até o momento vén dando bos resultados. Se un alumno ou alumna acumula seis sancións verá suspendido o seu dereito de

asistencia a clase durante tres días lectivos. Se a falta cometida é das consideradas graves para a convivencia segundo se recolle nas NOF ábreselle un expediente disciplinario que comporta outro tipo de sanción.

Necesidades detectadas

Nesta diagnose da situación actual da convivencia no centro cómpre salientar as seguintes necesidades:

Cando toca corrixir e sancionar certas actitudes lévanse a cabo actuacións individuais que con frecuencia son desenvolvidas por un número reducido de docentes. Ademais dos implicados, é preciso que o profesorado no seu conxunto colabore nas indicacións marcadas e reforce a quen toma decisións porque a convivencia é un asunto que nos compete a todos e a todas.

De igual xeito, faise necesario un traballo de diálogo constante e toma de acordos en común á hora de solucionar as dificultades que xurdan no centro con vistas a articular medidas colectivas de mellora da convivencia.

Asemade, na medida que nos sexa posible, consideramos importante poder prever e anticiparse a situacións que até o de agora nunca se deron no centro para poder atallalas coa maior rapidez e eficacia no caso futuro de chegaren a producirse.

OBXETIVOS A ACADAR NESTE PLAN DE CONVIVENCIA

Dentro da fórmula global que aconsella calquera actuación encamiñada a mellorar relacións interpersoais, o Plan de Convivencia do noso centro está focado na liña de atender a todos os sectores da comunidade educativa á hora de favorecer propostas educativas, veñan de onde veñan, que nos axuden a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro das normas democráticas de convivencia e para sensibilizar a profesorado, alumnado e familias acerca da importancia de crear e manter un bo clima de convivencia no centro, que se concreta nos seguintes obxectivos xerais:

- Establecer canles e procedementos para que a comunidade educativa poida expresar discrepancias e resolver conflitos de forma tolerante e non violenta, porque entendemos que convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que estes se resolven de maneira axeitada e non violenta.
- Conseguir un ambiente educativo óptimo e mellorar sempre o clima de convivencia no centro en beneficio dun ensino de calidade.
- Prover á comunidade educativa de recursos para a prevención de conflitos.
- Ofrecer ao alumnado unha educación que vaia alén dos simples coñecementos académicos e integre comportamentos positivos nos planos individual e social.
- Implicar o profesorado en procesos de reflexión e acción para prever posibles conflitos de convivencia no centro.
- Informar o profesorado sobre as posibilidades de actuación deseñadas para solucionar un conflito en caso de este se producir, achegando ferramentas para detectar, abordar e resolver problemas de convivencia no centro.
- Clarificar vías de actuación que permitan a profesores e alumnos resolver, derivar ou notificar aquelas situacións de desprotección ou risco que se dean na aula.
- Implicar o profesorado na posta en práctica do Protocolo de convivencia.
- Sensibilizar o alumnado sobre o seu papel activo e facilitar a súa implicación á hora de recoñecer, evitar e controlar os conflitos de convivencia na aula.
- Manter un modelo de actuación que permita a alumnos e alumnas comunicarse co profesorado e o equipo directivo nun ambiente de confianza que permita a súa implicación efectiva, fluída e non traumática no proceso de solución de conflitos.
- Implicar o alumnado no Protocolo de convivencia.
- Sensibilizar a nais, pais e titores sobre a importancia de prever condutas violentas nos seus fillos.
- Dotar ás familias de ferramentas para detectar a posible implicación dos seus fillos en conflitos no centro.
- Promover a implicación das familias no Protocolo de convivencia,

RECURSOS E ACTUACIÓNS

Para acadar estes obxectivos, o centro conta con estruturas creadas nos anos anteriores. Ademais diso, temos previsto crear outras para efectivizar unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar a convivencia no noso instituto.

Relación do Plan de convivencia co PEC

O Proxecto Educativo do Centro (PEC) é un documento guía que recolle os sinais de identidade, os valores, os obxectivos, a liña metodolóxica e as prioridades de actuación do noso centro de ensino. Pola súa banda, o Plan de convivencia, como documento que nace e se integra no PEC, debe gardar coherencia co seu espírito e postulados. Esta íntima relación entre Proxecto Educativo do Centro e o Plan de Convivencia parece suxerir que do presente plan deben partir actuacións como as que se enumeran a continuación ou outras similares:

- Insistir no rexeitamento de comportamentos discriminatorios.
- Promocionar metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.
- Formar para a resolución pacífica dos conflitos e para a convivencia.
- Formar para a paz e a conservación do medio.
- Adicar ao principio do curso, especialmente na ESO, algunhas sesións ao tratamento de temas de organización social da aula aínda que lle quitemos tempo á ensinanza dos contidos estritamente académicos. O tempo adicado na escola a ensinar o alumnado a se comportar de xeito construtivo e solidario non pode considerarse en absoluto tempo perdido.
- Crear estratexias para establecer vínculos que rompan estereotipos e prexuízos. Máis que educar sobre a convivencia queremos educar en convivencia.
- Promocionar as relacións do centro coas familias.

Relación do Plan de convivencia coas NOF

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) conforman outro documento integrado no PEC que establece a forma democrática de organización do instituto a partir dos dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa. O noso plan de convivencia pretende ser un instrumento que persegue o obxectivo fundamental de que o centro sexa un espazo para a aprendizaxe da convivencia democrática en que os conflitos que aparezan se resolven de xeito pacífico. A ligazón entre ambos documentos parece obvia e, de entrada, podemos establecer algunhas actuacións que atinxen ao plan de convivencia na súa relación coas NOF:

A. No eido dos principios educativos:

- Insistir sempre nos dereitos do alumnado relacionados coa convivencia: á integridade física, á liberdade de conciencia, á confidencialidade, á intimidade, a ser escoitado, a coñecer e participar na elaboración e seguimento das normas de convivencia e funcionamento do instituto.

- Insistir sempre nas obrigas do alumnado relacionadas coa convivencia: tolerancia, respecto á liberdade, integridade e dignidade de toda a comunidade educativa e non discriminar a ningún dos seus membros, cumprir as normas democráticas de convivencia e funcionamento interno do instituto, asistir regularmente a clase, cooperar e favorecer a mellora das relacións, coidar os recursos e as instalacións.
- Insistir sempre nos dereitos do profesorado relacionados coa convivencia: dereito a ser respectados tanto no seu traballo docente coma na súa vida privada e familiar, dereito a participar na elaboración e seguimento das normas de convivencia e funcionamento do centro .
- Insistir sempre nas obrigas do profesorado relacionadas coa convivencia: traballar en equipo, buscar na aula o equilibrio entre autoridade e responsabilidade (nin manter unha actitude ditatorial nin inclinarse por deixar facer) orientar o seu labor docente á realización dos fins educativos, de conformidade cos principios establecidos na LOE, na LOMCE e no PEC, cumprir e facer cumprir as NOF, colaborar co equipo directivo no mantemento da boa marcha do centro e axudar a que se cumpran os obxectivos marcados neste Plan de convivencia.
- Introducir de maneira adecuada ao comezo do curso ao persoal non docente para que toda a comunidade educativa coñeza os seus nomes e poida dirixirse a estas persoas de xeito adecuado. Asemade, buscar a súa implicación nas actividades lúdicas e pedagóxicas do instituto para xerar un bo sentido de pertenza á comunidade. E, na medida do posible, aproveitar o seu coñecemento “distinto” e a súa “outra mirada” da realidade do centro para mellorar as relacións entre todos.
- Elaborar e explicitar procedementos que favorezan a implicación e a participación das familias na consecución dos obxectivos do Plan de convivencia.

B. No eido da estrutura pedagóxica:

- Elaborar criterios para completar horarios do profesorado.
- Explicitar procedementos de control da asistencia do profesorado.
- Explicitar criterios para a distribución do alumnado.
- Explicitar medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

C. No eido das normas de convivencia:

- Facer unha redacción clara destas normas, supeditándoas aos dereitos humanos, ao fomento de relacións positivas, á igualdade entre sexos e aos artigos das NOF que recollen dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa.
- Facer unha relación clara das condutas consideradas como contrarias ás normas de convivencia e das gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.
- Explicitar de xeito moi claro as medidas correctoras, que deben xirar en torno a fins educativos, e indicar a quen compete a súa aplicación.
- Indicar con claridade o procedemento para, chegado o caso, tramitar un expediente disciplinario segundo o protocolo en vigor.

Relación do Plan de convivencia co PAT

O noso Plan de Acción Titorial (PAT) concíbese como unha forma especial de actividades propias dos profesores tutores do noso centro que se levan a cabo nas horas de tutoría e noutros momentos das xornadas lectivas non só para afondar nas capacidades do alumnado senón tamén para valorar o seu interese e actitude perante as normas. A tutoría é pois unha actividade integradora e moi valiosa que contribúe a mellorar os rendementos e a eficacia no cumprimento de normas porque prioriza contactos relacionados coa igualdade real entre homes e mulleres. Concibido o feito educativo dende unha perspectiva construtivista parece claro que o labor docente non pode facerse sen unha acción tutorial permanente. Por iso, partindo do traballo do profes-

rado titor aspiramos a que a comunidade educativa termine implicándose para educar en convivencia tendo o PEC como guía. Tamén aquí se perciben con claridade as conexións entre o Plan de convivencia e o PAT. Por iso, o Plan de convivencia debe apoiar as actividades que propón o PAT e, ao mesmo tempo, suxerir outras para que se integren nel. Desta simbiose nacen, entre outras, algunhas propostas de actuación como as que se relatan a continuación:

- Actuacións promotoras dos valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo.
- Actuacións para fomentar a integración do novo alumnado e profesorado por medio de accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e profesorado.
- Actuacións que contribúan á formación integral de alumnos e alumnas en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, así como a súa participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Actuacións que promovan a participación das familias asesorándoas especialmente acerca da importancia da estimulación dos seus fillos e fillas, da promoción da súa autonomía e dos valores da convivencia democrática en sociedade.
- Desenvolvemento de accións previstas no programa de acollida (durante o proceso de admisión, na matriculación, na incorporación e nos cambios de etapa).
- Revisión do expediente persoal do alumnado novo, para un previo coñecemento da súa realidade.
- Elaboración de protocolos coordinados, destinados á avaliación inicial do alumnado.
- A comezo de curso, informar o alumnado e as familias sobre aspectos importantes da vida do centro, sobre todo de aspectos que figuran nas NOF, da programación anual de cada curso, das normas de convivencia e funcionamento, calendario, horario, entradas e saídas, respecto dos recursos e instalacións, canles de participación coas que contan alumnado e familias, horarios de titoría, criterios de avaliación e de promoción.
- Control de puntualidade e absentismo, informando puntualmente á xefatura de estudos e á familia.
- Información ao departamento de Orientación sobre alumnado que presenta desaxustes no comportamento e nos aspectos básicos do plan de convivencia, incluído o rendemento académico.
- Colaboración co departamento de Orientación en certos programas previstos, especialmente nas medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e difundir documentos informativos sobre a infancia, adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional, etc.
- Deseñar, en colaboración co departamento de Orientación, algún programa que resulte eficaz para a detección precoz de dificultades de convivencia e relación.
- Dar a coñecer ao alumnado os aspectos básicos deste Plan de convivencia, especialmente as normas de convivencia.
- Formar o alumnado en habilidades sociais básicas.
- Intervir tan pronto como se detecte calquera inicio de conflito entre alumnos.
- Dar a coñecer ás familias as normas de convivencia e os aspectos básicos deste plan.
- Sensibilizar as familias das vantaxes de educar nun modelo de convivencia pacífico e orientalas na importancia da resolución pacífica de conflitos en familia.
- Elaborar documentos de información sobre aspectos de convivencia para facilitar a acción titorial.
- Propoñer un listado de libros para a biblioteca do centro ou da aula que traballen os valores convivenciales.
- Fomentar, sempre que sexa posible, a colaboración dos pais co profesorado no tema da convivencia.

Se xerar un bo clima de ensino-aprendizaxe é o principal obxectivo deste plan pensamos que a el tamén se pode chegar pola vía doutras actividades alternativas menos academicistas e máis lúdicas, entre elas:

- Coñecer, dentro da prudencia, disposición e dereito á intimidade das persoas, as habilidades de profesores e profesoras que se acaban de incorporar para poder utilizalas ao servizo da comunidade (tocar

algún instrumento musical, ter coñecementos de música, cine, bricolaxe, cociña ou outras afeccións) que permita ás persoas interesadas establecer unha formación menos académica pero útil no fomento da convivencia.

- Promover a elaboración dun periódico escolar, radio escolar, chat, foro de debate no sitio web do centro, etc.
- Aproveitar didacticamente as diferenzas de procedencia dos alumnos inmigrantes e dos seus pais, se o desexan, para traballarmos a convivencia intercultural e interracial a través do intercambio de experiencias.
- Aproveitar días sinalados no calendario (Día da paz, Día da árbore, Día da muller traballadora, Día do libro) para promover a convivencia e outros aspectos do Proxecto Educativo do Centro.
- Visionar fragmentos de películas e reportaxes sobre estes temas e despois de cada visionado tentar levar a cabo unha sesión de cinefórum guiada por un profesor.

Comisión de convivencia

A comisión de convivencia está constituída no seo do Consello escolar, ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar. O director informará periodicamente a Comisión de convivencia dos conflitos disciplinarios e da súa resolución.

Cando ante unha falta grave o director decida a apertura dun expediente, informará a Comisión de convivencia desta apertura e da proposta de resolución da persoa que o instrúa.

A Comisión de convivencia informará trimestralmente o pleno do Consello escolar sobre os conflitos dos que foi informado polo director.

A Comisión de convivencia xuntarase periodicamente para analizar a aplicación do plan de convivencia do centro, os seus resultados e as posibles novidades ou modificacións que haxa que incluír, así como o seu impacto nos diversos documentos do centro (RRI, PAT, etc.).

Ao finalizar o curso escolar informarase o claustro e o Consello escolar das actividades do curso, para o que se elaborará unha memoria na que se recollerá:

- Actividades realizadas.
- Formación relacionada coa convivencia.
- Resumo das principais condutas conflictivas e medidas aplicadas.
- Valoración de resultados.
- Propostas para o vindeiro curso.

A aula de convivencia

Xustificación. A Aula de convivencia, tal e como a concibimos, non é o “cuarto escuro” da educación nin unha “alfombra” baixo a que agochar fracasos escolares. Ao contrario, sentimos a aula de convivencia como unha oportunidade do centro para crear un espazo de diálogo e entendemento mutuo, un espazo para a reflexión que pode axudar a resolver certos problemas de convivencia ao tempo que evita a dispersión de alumnos conflictivos. É dicir, é un obradoiro, un espazo ou unha estratexia máis para mellorar a convivencia no instituto.

Quen atende a Aula de convivencia? Un/unha profesor/profesora de garda voluntario ou específico dentro do seu horario.

A quen acolle a Aula de convivencia? A un máximo de catro alumnos por hora que, como consecuencia dun comportamento prexudicial para o desenvolvemento da clase e por mor dunha medida disciplinaria inmediata se vexan privados da súa presenza normal na aula. Unha vez finalizada unha entrevista de contacto, o profesor de garda poderá permitir o regreso do alumno á clase, sempre que o docente o readmita na aula.

Finalidade da Aula de convivencia. Entre outras, as finalidades da aula de convivencia son:

- Fomentar o diálogo e a escoita activa entre profesor/a e o alumno/a.
- Promover a reflexión para que non se repita o sucedido.

Conclusión: Nos anos en que leva funcionando, a aula de convivencia vén resultando unha ferramenta efectiva no labor diario de mellora das relacións entre profesorado e alumnado, motivo polo que consideramos oportuno continuar co seu funcionamento. Débese sinalar, con todo, que a redución do cadro de persoal docente do noso instituto vén dificultando dun tempo para acá o funcionamento correcto desta aula, pois o centro non dispón sempre do equipo docente que se precisa para o seu correcto funcionamento durante o horario lectivo.

En xeral, a Aula de convivencia funcionará coas características que se detallan a seguir:

- A Aula de convivencia albergará material escolar (vídeos, libros, textos varios...) sobre o tema da convivencia e estará decorada con carteis sobre este mesmo tema, elaborados polo alumnado.
- A Aula de convivencia permanecerá aberta todos os días, de luns a venres, en horario de 8,30h a 14,00h e os luns á tarde de 16,20h a 18,00h.
- A Aula de convivencia será tamén o espazo no que se realicen as mediacións, cando sexan solicitadas.
- A Aula funcionará como un espazo onde se poida escoitar, aconsellar, animar e mesmo desafoogar sen temor.

Equipo de mediación

Que é a mediación? É unha oportunidade ou, máis ben, un servizo que o instituto brinda a persoas en conflito para sentarse xuntas cunha terceira parte neutral para falar do problema de convivencia que xurdise entre elas e tentar chegar a un acordo de xeito positivo e produtivo. Tamén se define como un “proceso informal no que un terceiro neutral, sen poder para impoñer unha resolución, axuda as partes en disputa a acadar un acordo mutuamente aceptable”. No noso instituto a mediación exerceuse desde o equipo directivo, o departamento de Orientación os titores e o profesorado.

Que obxectivos ten a mediación?

- Promover a solución do conflito sen interferir na aplicación das NOF.
- Aumentar a capacidade de toma de decisións e promover a responsabilidade ante os conflitos. En definitiva, favorecer a convivencia no centro.

En que situacións actúa o equipo mediador?

- Cando se detecte un conflito, aínda que non se aconsella en conflitos moi serios (violencia física reiterada, uso de armas, drogas, abuso sexual...).
- Cando as persoas en conflito, voluntariamente, acepten ou pidan a súa intervención.
- A mediación non substitúe as normas do centro e non impide que, cando sexa necesario, se aplique con rigor o NOF.

Como actúa o equipo mediador?

- Xunta as partes en conflito.
 - Escoita as distintas opinións.
 - Facilita o diálogo entre as partes en conflito.
-

- Invita a buscar solucións.
 - Non ten autoridade nas decisións que haxa que tomar.
- Que implica aceptar a mediación?
- As persoas en conflito poden propoñer os mediadores.
 - As persoas en conflito teñen garantida a confidencialidade durante todo o proceso.
 - A solución ao conflito debe ser proposta e aceptada polas partes que o xeraron.

Cal é o perfil do mediador?

- Ten capacidade para ser neutral, flexible, empático, obxectivo e respectuoso.
- Sabe escoitar de xeito activo e quere escoitar.
- Inspira confianza e sabe gardar confidencias.
- Está disposto e motivado para mediar en conflitos.
- Sabe absterse de dar consello e xulgar.
- Posúe autonomía moral (criterio propio).
- Ten sentido do humor e capacidade para recibir críticas.

Normas de organización e funcionamento (NOF)

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) teñen como finalidade explicar as normas fundamentais de funcionamento interno do IES O Couto nos seus aspectos de organización, disciplina e normas de convivencia. Ten como referentes as disposicións legais en vigor e o Proxecto Educativo de Centro.

As presentes NOF afectan a todas as actividades, académicas ou non, propias do instituto, mesmo aquelas que teñan lugar en dependencias alleas ao centro e fóra do horario lectivo. Deberán cumprir as normas deste regulamento os membros da comunidade educativa e institucións e persoas alleas que utilicen as súas instalacións e servizos.

Este documento ten polo tanto como obxectivo facilitar a convivencia da comunidade escolar do IES O Couto, artellar a organización do centro así como o uso racional e cívico dos seus recursos, materiais e instalacións. Constitúe polo tanto o documento que reflicte o funcionamento habitual do centro.

A. Normas básicas de convivencia

Os membros da comunidade escolar participarán e colaborarán activamente na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro. Para iso estableceranse as seguintes normas xerais:

Respecto ás demais persoas

Respectar a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa, así como as normas concretas que se vaian establecendo por consenso na aula.

O/A alumno/a seguirá as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

Respectarase a autoridade do profesorado no exercicio das súas competencias.

O trato será amable e educado. Cando alguén se dirixa a outra persoa, esta escoitará e responderalle sempre axeitadamente. Nas conversas e diálogos debe respectarse a quenda de palabra.

Respecto do comportamento no centro

Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

Manter o móbil e outros aparellos electrónicos apagados dentro do recinto do centro. Serán sancionables as condutas contrarias á convivencia que teñan conexión coa actividade escolar dentro ou fóra do recinto do IES, mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos.

Evitar saír ao corredor nos cambios de clase.

Dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, non se poderán levar nin utilizar obxectos, substancias ou produtos que estean expresamente prohibidos polas

normas do centro (como tabaco, alcol, etc.) ou que resulten perigosos para a súa saúde ou para a integridade persoal do propio alumno ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que mesmo poidan perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

Cooperar activamente coas actividades propostas polo centro.

Ademais destas medidas xerais, os/as titores/as consensuarán con cadanseus grupos as normas concretas de aula.

B. Normas de funcionamento

Asistencia:

De alumnos

- A asistencia a clase é obrigatoria para todo o alumnado. As faltas de asistencia non xustificadas serán computables no protocolo de absentismo escolar conforme ás instrucións do 31 de xaneiro de 2014.
- As portas de acceso ao centro abriranse con 10 minutos de antelación ao comezo das clases. O alumnado que chegue despois da hora de inicio da xornada lectiva deberá facelo pola entrada principal e dirixirse á súa aula, xustificando ante o/a profesor/a o seu atraso. En calquera caso o/a profesor/a fará constar a incidencia no Xade.
- Os alumnos que utilicen o transporte escolar ao baixar do autobús accederán directamente ao centro.
- Unha vez comezada a actividade lectiva, o alumnado non poderá abandonar o recinto escolar salvo que unha persoa autorizada veña recollelo.
- Se se coñece con anterioridade a ausencia do profesorado a xefatura de estudos poderá autorizar a incorporarse máis tarde ou a saír antes da hora a aqueles alumnos/as que conten co permiso dos pais o titores legais. En ningún caso, o alumnado de 1º e 2º da ESO poderá abandonar o centro antes da fin do horario lectivo.
- A falta de asistencia colectiva a clase (por convocatoria de paro, concentración...) deberá ser comunicada polo delegado de cada grupo.

A LOE establece na súa disposición derradeira, punto 5: (...) A partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro. En consecuencia, a actuación para estes casos axustarase ao seguinte protocolo: O/A delegado/a de cada grupo entregará ao/á xefe/a de estudos con dous días lectivos de antelación unha relación asinada polos/polas alumnos/as que pensan secundar a convocatoria.

De profesores

- Os/as profesores/as deberán asistir coa máxima puntualidade ás clases e gardas, así como aos diversos actos e reunións a que fosen convocados.
- As horas de asistencia a claustros, sesións de avaliación e reunións de departamento son de asistencia obrigatoria, tendo para efectos de faltas de asistencia e permisos a mesma consideración que as horas lectivas.

De persoal de administración, servizos e laboral

- O horario do persoal de administración, servizos e laboral forma parte do documento de organización do centro.

- Corresponde á secretaría controlar a asistencia e puntualidade deste persoal polo medio que considere máis axeitado.

C. Faltas de asistencia

De alumnos

- As faltas de asistencia comunicaranse diariamente ás familias que así o soliciten pola aplicación abalar Móbil.
- Os pais/nais ou tutores/as legais deberán xustificar por adiantado as faltas dos seus fillos/as. Se non fose posible farano nos tres días lectivos seguintes á súa incorporación ás clases. Transcorrido este prazo, a falta considerárase non xustificada.
- Para xustificar as faltas os pais/nais cubrirán o impreso correspondente que se pode recoller na conserxería. O/A alumno/a presentará este xustificante ao/á titor/a.
- Se o/a titor/a observase que se están producindo faltas esporádicas inxustificadas poñeráse en contacto coa familia. En caso de estas faltas de asistencia superaren os máximos legais do 10% mensual, iniciarase o protocolo de prevención do absentismo escolar.
- Para os alumnos/as de ensinanza obrigatoria:

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10%) do horario lectivo dun determinado mes, aplicará o protocolo de absentismo escolar.

De profesores

- Cando un profesor/a teña prevista unha falta de asistencia ao centro, solicitará o correspondente permiso con anticipación. En caso dunha ausencia imprevista, informará polo medio máis fiable e rápido á xefatura de estudos (ou, no seu caso, calquera outro directivo presente no instituto), quen informará ao profesorado de garda e o delegado/a do grupo se fose preciso.
- No suposto de permiso para asuntos persoais será a dirección do centro a responsable de autorizarlas, previa solicitude, e atendendo ás necesidades do servizo.
- O profesorado ten a obriga de xustificar todas as súas faltas segundo o impreso establecido.
- A dirección do centro remitirá ao servizo de inspección educativa o parte de faltas mensuais. Unha copia deste parte mensual de faltas farase pública nun lugar visible da sala de profesores. Os xustificantes quedarán arquivados no centro.

De persoal de administración, servizos e laboral

- O persoal non docente xustificará as súas faltas de asistencia mediante o documento oficial que deberá presentar ao secretario do centro no momento da súa reincorporación ao traballo.
- O/A director/a comunicará mensualmente á Delegación Provincial de Educación de Ourense as faltas non xustificadas segundo a normativa legal vixente.

D. A aula

- As actividades lectivas desenvolveranse nas dependencias sinaladas no horario. Noutro caso, o/a profesor/a informará previamente ao/á xefe/a de estudos. Cando a clase non se imparta na aula do grupo, o/a profesor/a coidará de que os/as alumnos/as se despracen con orde ata a dependencia onde se imparta a clase e, se fose preciso, terá que acompañalos.
- Calquera variación do horario de clase e calquera substitución de profesor/a ten que contar coa aprobación previa do/da xefe/a de estudos ou director/a, que o fará saber aos/ás profesores/as de garda.
- A intervención dunha persoa allea ao claustro de profesores nas clases ou nas actividades non programadas ten que ser aprobada previamente polo director.

- O/A profesor/a non permitirá, salvo causa xustificada, a saída de ningún alumno/a da aula antes do remate da hora de clase sinalada no horario.
- Na primeira clase do curso, cada profesor/a informará os alumnos dos contidos da materia, a súa temporización, métodos, criterios de avaliación, sistema de recuperación, etc., de acordo coa programación do correspondente departamento.
- Nas horas anteriores aos recreos o/a profesor/a será o último en saír da aula. O mesmo acontece ás últimas horas do horario lectivo, nas que non permitirá a saída dos/das alumnos/as se non deixan a aula en condicións normais de limpeza e orde e coidará de que o ordenador da clase estea apagado antes de saíren. Nos cursos Abalar ocuparase de que os ordenadores estean no carro e que este quede pechado e ben conectado para posibilitar a recarga das baterías dos dispositivos.

E. Os recreos

- Só os/as alumnos/as de bacharelato que presenten coa matrícula a autorización escrita dos pais / nais ou tutores/as legais teñen permitida a saída do recinto nos períodos de lecer e só durante estes períodos.

F. As gardas

O/A profesor/a de garda terá as seguintes funcións:

- Coidará de que no cambio de clase haxa orde nos corredores e nas aulas en tanto non se incorporen os/as profesores/as.
- O/A profesor/a destinado/a á aula de convivencia inclusiva debe de anotar no parte as incidencias que provocaron a saída dos/das alumnos/as cara á mencionada aula. Os/As alumnos/as terán que seguir as directrices marcadas por este profesor e as establecidas no documento que regula o funcionamento da aula de convivencia.
- En ausencia dun profesor, o/a de garda ocuparase de atender o grupo. Anotará no parte de clase as faltas e asinarao como profesor/a de garda. Ao rematar a clase deixará o parte en secretaría. Cando os/as profesores/as de garda resulten insuficientes para atender todos os grupos sen profesor e mais a aula de convivencia, comunicaranos ao xefe de estudos ou a un membro do Equipo Directivo a quen lle corresponderá ordenar a situación.
- Extraordinariamente, permitirase a saída dos/das alumnos/as fóra da aula. Cando os/as profesores/as de garda resulten insuficientes para atender a todos os grupos sen profesor e mais a aula de convivencia, comunicaranos ao/á xefe/a de estudos ou a un membro do equipo directivo que será o que dispoña como solucionar a situación.
- O/A profesor/a de garda ten a obriga inescusable de anotar no libro de gardas as ausencias dos profesores.
- Os/as profesores/as de garda de recreo coidarán de que o alumnado se comporte civicamente (sen liortas, pelexas, facendo un uso correcto das papeleiras, sen xogos con riscos, etc.), así como de que respecten as normas establecidas de non fumar, non abandonar o recinto escolar...

G. Exames e avaliacións

- Non se poderán realizar exames fóra da hora de clase, salvo casos excepcionais, previa información ao/á xefe/a de estudos, co consentimento dos alumnos e sempre que non interfiran outras actividades docentes que estean programadas.
 - No enunciado do exame ou proba deberase informar o alumnado da puntuación de cada cuestión, pregunta ou exercicio.
 - O profesor, na hora de clase, está obrigado a mostrar aos alumnos os exames unha vez corrixis e cualificados.
 - Coa finalidade de que os/as alumnos/as comprobren os seus erros é conveniente que o/a profesor/a corrixa ou comente nunha clase posterior os exercicios obxecto desas probas, facendo fincapé nos erros máis comúns.
-

- Os exames de setembro elaboraranse de forma conxunta por todos os membros do departamento no mes de xuño.
- As datas das avaliacións serán aprobadas en claustro a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica . O/A xefe/a de estudos elaborará un calendario de avaliacións para esas datas. Os/As titores/as darán a coñecer aos alumnos este calendario.
- O/A titor/a presidirá cada sesión de avaliación e levantará a acta correspondente segundo o modelo e as normas establecidas no Plan de avaliación. Esta acta será entregada ao/á xefe/a de estudos para o seu arquivo.
- Así mesmo, entregará os boletíns de notas aos alumnos para levar aos pais que deberán asinar o resguardo os acompaña. Este resguardo que figura na parte inferior do boletín de notas será devolto ao titor nun prazo máximo de cinco días lectivos. Nos casos nos que o titor o considere oportuno, este citará aos pais para entregarlles persoalmente o boletín.
- Nas sesións de avaliación é necesaria a presenza de todos os profesores do grupo (ou representantes dos departamentos cando as cualificacións sexan da súa competencia). Só se poderá celebrar a avaliación coa ausencia dalgunha profesor/a que alegue previamente unha causa xustificada.
- Coa finalidade de garantir o dereito que teñen recoñecido á valoración obxectiva do seu rendemento académico, os/as alumnos/as poderán reclamar tanto contra a cualificación dunha avaliación, como contra a cualificación definitiva de xuño ou setembro. No primeiro caso, as reclamacións tramitaranse a través do titor e serán resoltas polo profesor correspondente.
- En canto ás cualificacións finais, o/a alumno/a pode presentar a reclamación segundo o disposto nos artigos 38 e 29 da Orde ECD/1361/2015, BOE 9 de xullo 2015.
- O/A profesor/a conservará as probas ou exercicios que teñan valor significativo na avaliación ata o inicio do curso seguinte.

H. Tutoría e atención a pais

- O/A profesor/a titor/a terá asignada unha hora á semana para atender aos pais. Para solicitar unha entrevista co/coa titor/a, os pais/nais poderán solicitala, persoal ou telefonicamente, na conserxería do instituto. Por cada hora de tutoría poderase atender un máximo de **tres** pais/nais que o soliciten cun mínimo de dous ou tres días lectivos de antelación que permitan ao titor ou á titora actualizar a súa información sobre a marcha do alumno ou da alumna.
- Para preparar estas entrevistas o/a titor/a deberá recadar información dos profesores. A tal fin poderá utilizar o formulario correspondente ou outro calquera que el/ela mesmo/a deseñe. Os/As profesores/as están obrigados a facilitar a información que o/a titor/a lles solicite no prazo que sinale, que non será inferior a un día lectivo.
- O/A titor/a manterá, ao principio de curso, unha reunión cos pais/nais dos seus alumnos para informalos sobre a normativa relativa a faltas, avaliacións, regulamento de réxime interno, etc. A convocatoria farase enviando unha carta a cada familia na que tamén se fará constar a hora de tutoría e o xeito de concertar unha entrevista.
- Os/As profesores/as están obrigados dende o comezo ata o derradeiro día do curso escolar a atender a calquera pai, nai ou titor que o solicite.
- O/A titor/a pode convocar o equipo de profesores para tratar un asunto no que se necesite a participación e colaboración de todos os docentes do grupo. Fará a convocatoria por escrito e os/as profesores/as están obrigados a asistir á reunión.
- No mes de xuño o/a titor/ra deberá deixar cubertos todos os informes. Ao inicio do curso seguinte o/a titor/a que o solicite recibirá as copias dos informes de avaliación final do curso anterior para os examinar e trasladar ao profesorado do grupo os aspectos máis salientables (materias con avaliación negativa coas que promocionou...).
- Os/As profesores/as titores/as están obrigados/as a cumprir o Plan de Acción Tutorial e asistir ás reunións específicas que convoque a xefatura de estudos.

I. Alumnos/as delegados/as

- Cada grupo de alumnos elixirá un/unha delegado/a en votación secreta, convocada e presidida polo titor/a e da que se levantará acta que será entregada ao/á xefe/a de estudos para o seu arquivo. Durante o mes de outubro, dedicarase algunha hora de titoría de alumnos para analizar a importancia do delegado, as funcións que ten encomendadas, deseñar un perfil do alumno delegado, etc., todo iso de acordo co Plan de Acción Titorial (PAT).
 - Feito o anterior, na segunda quincena do mes de outubro levarase a cabo a elección de delegado, que se efectuará seguindo o seguinte procedemento:
 - a) Nunha primeira votación cada alumno votará os dous alumnos que prefira como delegado/a de entre todos/as. Os cinco máis votados serán os/as candidatos/as para unha segunda e definitiva votación.
 - b) Na segunda votación cada alumno/a votará os dous que prefira como delegado/a entre os cinco candidatos preseleccionados. Aquel/aquela que obteña máis votos será nomeado/a delegado/a e o/a seguinte subdelegado/a.
 - Na acta quedarán ordenados os cinco candidatos por número de votos a efectos de futuras substitucións.
 - Os empates desfaranse cunha nova votación.
 - A destitución do/da delegado/a compete só aos que o elixiron. A súa designación poderá ser revogada se así o decide a maioría absoluta dos alumnos do grupo mediante escrito razoado dirixido ao/á titor/a.
 - O/A delegado/a poderá renunciar mediante escrito razoado dirixido ao titor. A este compete aceptar a renuncia.
 - En caso de interrupción das funcións do/da delegado/a, o/a titor/a nomeará de inmediato delegado/a ao subdelegado/a e subdelegado/a ao seguinte en número de votos segundo a acta arquivada na Xefatura de Estudos.
 - Ante problemas de convivencia no grupo, o/a titor/a poderá, de acordo cos alumnos, nomear unha comisión de convivencia que colabore co/coa delegado/a e titor/a na busca de solucións.
 - Funcións do delegado/a
 1. Os/As delegados/as avisarán na conserxería dos danos que se produzan na aula cubrindo o parte de avarías correspondente.
 2. Os/As delegados/as actuarán como voceiros do grupo. Todos os profesores están obrigados a atendelos nas xestións que, como tales, realicen.
 3. Os/As delegados/as confeccionarán os calendarios de exames e demais traballos co apoio do/da titor/a. Os/As profesores/as comunicaranlles ao inicio de cada período de avaliación as probas e traballos que teñen programados coas datas estimadas para a súa realización, de xeito que se facilite a coordinación e unha programación racional da acción docente. Isto só afecta aos exames e traballos globais que teñan un peso específico na avaliación pero non ás probas relacionadas co traballo do día a día.
 4. Conforme marca o decreto 324/1996 as funcións do delegado son:
Artigo 114º
Corresponde aos delegados de grupo:
 - Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar na súas deliberacións.
 - Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.
 - Fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
 - Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
 - Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.
 - A Xunta de Delegados é o órgano colexiado integrado polos delegados e os representantes dos alumnos no Consello Escolar. Se un delegado/a é membro do Consello Escolar, o/a subdelegado/a formará parte da Xunta de Delegados. A Xunta de Delegados terá as seguintes funcións:
-

- Informar os alumnos membros do Consello Escolar da problemática de cada curso ou grupo.
 - Ser informados polos representantes dos alumnos no Consello Escolar sobre os temas tratados no mesmo.
 - Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou a petición deste.
 - Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interno (RRI).
 - Informar os estudantes das súas actividades.
 - Elaborar propostas de criterios para a confección dos horarios de actividades docentes e extraescolares.
 - Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar e elevar propostas de resolución aos seus representantes no citado organismo.
- Os membros desta Xunta elixirán, entre os delegados, un/unha delegado/a de centro que será quen convoque e presida as reunións que celebren. Estas reunións celebraranse fóra de horas de clase, previa comunicación ao/á director/a, serán convocadas polo/pola delegado/a de centro por iniciativa propia ou cando llo solicitaren os/as delegados/as dun curso, os representantes no Consello Escolar ou un terzo dos membros da Xunta. Levantarase acta dos acordos acadados que achegarán ao/á director/a para o seu coñecemento e traslado, se for o caso, aos órganos correspondentes.

J. Faltas e sancións

O catálogo de faltas e sancións do IES O Couto axústase ao disposto na Ley 4/2011, del 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa, desarrollada en el decreto 8/2015, de 8 de enero.

9.1.- As medidas correctoras terán un carácter gradual en proporción á falta cometida. A gradación será a seguinte:

- a.-Amoestación verbal.
- b.-Amoestación por escrito e aviso á familia.
- c.-Tarefas destinadas á reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material.
- d.-Asistencia ao centro en horario non lectivo.
- e.-Privación de asistencia a clase e estancia no centro.
- f.-Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
- g.-Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un período máximo de tres días.
- h- Expediente disciplinario coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro cun período máximo de 29 días, con posibilidade de cambio de grupo ou cambio de centro.

K. Cadro de normas do centro e medidas correctoras

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO			
MAL COMPORTAMENTO PUNTUAL NA AULA OU NO RECINTO			
	REFERENCIA DA FALTA	SANCIÓN	COMUNICACIÓN
A1	Comportamento inadecuado durante a xornada ou as actividades extraescolares	1-4	Profesor/a
A2	Abandonar a aula sen permiso	1-3	Profesor/a
A3	Uso de móbil, MP3 ou similares	2	Profesor/a/ XE *
A4	Permanencia na aula ou corredores durante o recreo	1	Profesor/a
A5	Uso da cafetería fóra dos recreos sen motivo xustificado	1	Profesor/a

A6	Consumo de tabaco dentro do recinto escolar	2	Profesor/a
A7	Abandono do centro sen aviso previo ao titor ou Xefatura de Estudos	3	Profesor/Titor/ XE
A8	Comer/beber en aulas ou corredores	1	Profesor/a
A9	Usar con negligencia as instalacións e o material	1-4	Profesor/a **
A10	Apropiación indebida de obxectos	1-4	Profesor/ XE **
DEBER DE ESTUDO E ASISTENCIA A CLASE			
	REFERENCIA DA FALTA	SANCIÓN	COMUNICACIÓN
B1	Non traer o material de estudo para a clase de xeito reiterado	1-3	Profesor/a
B2	Tres faltas de puntualidade sen xustificar	1	Titor/a ***
B3	Ignorar as indicacións do profesor ou do persoal do centro	1-3	Profesor/a
B4	Participar na decisión colectiva de faltar a clase sen motivo xustificado	1-2	Profesor/a
B5	Molestar os compañeiros ou non respectar o seu dereito a estudar	1	Profesor/a
B6	Actos inxustificados que alteren a actividade escolar	2	Profesor/a
RELACIÓN COS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR			
	REFERENCIA DA FALTA	SANCIÓN	COMUNICACIÓN
C1	Actos de indisciplina, falta de respecto ou ofensa non grave contra outro membro da comunidade escolar	4	Profesor/Titor/ XE
C2	Ameaza ou agresión física non grave entre compañeiros	4-6	Profesor/Titor/ XE
C3	Participación en pelexas	6	Profesor/Titor/ XE
C4	Posesión ou exhibición de obxectos perigosos	4	Prof./Titor/ XE *
C5	Discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión...	4	Prof./Titor/ XE
CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO			
	REFERENCIA DA FALTA	SANCIÓN	COMUNICACIÓN
C.G.P.1	Reiteración de faltas contra as normas de convivencia do centro	Exp. disc.	Dir – CE
C.G.P.2	Actos de indisciplina, falta de respecto, agresión, ofensa grave ou inxuria contra outro membro da Cde. Escolar	Exp. disc.	Dir – CE
C.G.P.3	Maltrato de obxectos e pertenzas dos membros da Cde. Escolar	Exp. disc.	Dir. – CE
C.G.P.4	Apropiación indebida de obxectos valiosos	Exp. disc.	Dir. – CE **
C.G.P.5	Deterioración intencionada de material e bens comúns	Exp. disc.	Dir. – CE **

C.G.P.6	Falsificación de documento oficial/suplantación de personalidade	Exp. disc.	Dir. – CE
C.G.P.7	Consumo de substancias nocivas para a saúde	Exp. disc.	Dir. – CE
C.G.P.8	Actos de incitación a actuar contra as normas do centro	Exp. disc.	Dir. – CE
C.G.P.9	Actitude racista, xenófoba ou de intimidación e ameazas	Exp. disc.	Dir. – CE
C.G.P.10	Feitos que manifesten a existencia de bullying	Exp. disc.	Dir. – CE

- * Implican a retirada do dispositivo.
- ** O infractor/a deberá aboar a cantidade resultante da reparación ou valor do material.
- *** O infractor presentarse ao xefe de estudos ao remate da xornada e permanecerá traballando no centro.
- Acumuladas 6 FALTAS suspenderase o dereito de asistencia ao centro por tres días lectivos.
- As sancións serán acumuladas ao longo do trimestre. Ao remate do mesmo, o titor e Xefatura de Estudos revisaranas para tomar as decisións que procedan.

As medidas correctoras sinaladas serán atenuadas en caso de:

- Arrepentimento espontáneo
- Ausencia de intencionalidade
- Reparación inmediata do dano causado.

*As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (capítulo II sección 1ª, artigo 15 da Lei 4/2011) terán como medidas correctoras as que figuran no capítulo II, sección 2ª, artigo 21 e seguirán o procedemento de imposición de medidas estipulado no capítulo I, sección 3ª, artigo 25.

L. Actividades extraescolares e complementarias

- É competencia da vicedirección establecer o protocolo que se seguirá para levar a cabo as actividades extraescolares e complementarias. Todas as actividades deben ser aprobadas polo Consello Escolar.
- A vicedirección arbitrará un procedemento que permita dar a coñecer ao profesorado afectado a actividade con antelación suficiente para axustar a programación.
- Nos casos das actividades que teñan lugar en horario lectivo dentro do recinto do instituto e que afecten a unha clase completa, os profesores dos grupos implicados deberán acompañalos e responsabilizarse deles durante o desenvolvemento da sesión correspondente.
- As actividades que teñan lugar dentro do horario lectivo son obrigatorias. Cando nunha actividade só participe unha parte do grupo de alumnos, os demais están obrigados á asistencia ás clases.
- Nas actividades programadas acompañarán o alumnado un mínimo de dous profesores e nunca menos dun profesor por cada 20 alumnos.
- Para participar nunha actividade extraescolar ou complementaria que supoña unha saída do centro, os alumnos deben contar cunha autorización previa e por escrito, asinada polos seus pais ou tutores, que será entregada ao responsable da actividade.
- Por ser actividades do centro, os alumnos sométense ás mesmas normas e sancións que rexen para o resto das actividades lectivas desenvolvidas no centro .
- O/a vicedirector/a, xefe/a de estudos e o/a responsable da actividade poderán negarles a participación nas actividades aos alumnos que non teñan un comportamento correcto no centro ou durante o desenvolvemento das actividades.

M. Biblioteca

- A Biblioteca do IES O Couto é un espazo dinámico onde o alumnado pode investigar, traballar, estudar, ler, acollerse ao servizo de préstamo, etc., nun ambiente de respecto e silencio.
-
- Todo o alumnado do centro, o profesorado e o persoal non docente, contará cun carné de usuario que lles servirá para levar libros e/ou material audiovisual segundo as seguintes normas:
 - a) Préstamo de libros: só se poderán levar en préstamo dous libros da mesma materia e un terceiro doutra diferente. Pódense renovar por unha ou dúas semanas máis se non hai lista de espera.
 - b) Préstamo de material audiovisual: prestarase só un elemento, durante un período de sete días.
 - c) A deterioración ou a non devolución dun libro ou material audiovisual será causa de reposición mediante a achega doutro exemplar igual ao deteriorado ou non devolto.
 - d) Cando o material levado en préstamo non se devolve dentro dos días despois de finalizado o prazo, notificarase esta situación á persoa correspondente, que non poderá sacar máis material da biblioteca durante tantos días como se demorase na devolución.
 - e) Se houbese persoas reincidentes, poderán ser sancionadas coa exclusión do servizo de préstamo.
 - f) Os familiares directos dos alumnos do centro poderán beneficiarse do servizo de préstamo coas mesmas normas establecidas para estes.
 - g) O equipo da biblioteca, xunto co alumnado do equipo de dinamización de biblioteca organizará actividades ao longo do curso, entre elas, iniciativas de dinamización lectora, o que poderá provocar que se precise a colaboración e flexibilidade do profesorado, que deberá ser avisado coa antelación oportuna, para o seu correcto desenvolvemento.

N. Normativa de uso dos portátiles Abalar

Os equipos das aulas Abalar son propiedade do centro e os alumnos, cando os utilicen, deben cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida no presente regulamento. O incumprimento da mesma terá como consecuencia, ademais da perda temporal ou definitiva dos privilexios de uso, calquera outra sanción, incluso económica, tal e como se indica no apartado correspondente deste documento.

2. Antes de coller os portátiles do carro os alumnos deixarán as mesas libres doutro material.
3. O reparto e recollida dos portátiles será dirixido sempre polo profesor, quen velará para que se faga sempre de forma ordenada para evitar accidentes cos equipos. Para iso poderá ser auxiliado por dous alumnos, que serán designados pola dirección do centro ou no seu defecto polo titor do grupo. Neste caso, un deles extraerá os equipos, desconectando o cable de alimentación e darallos ao outro axudante, que llelos entregará aos alumnos a medida que van sendo chamados polo profesor. Unha vez recollido o portátil, os alumnos volverán ao seu sitio con orde antes de que se levanten os seguintes compañeiros.
4. Cada dispositivo electrónico ten rotulado un número identificador que se corresponde cun alumno. Sempre se collerá o portátil que se teña asignado para que exista unha responsabilidade persoal no seu coidado.
5. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a explicación previa do traballo que van realizar con el.
6. É responsabilidade do alumno o coidado do equipo asignado. Debe evitar golpes, non colocará obxectos de ningunha clase sobre o portátil e terá un coidado especial coa pantalla e coa cámara.
7. Cada alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos do dispositivo que teña asignado. Tamén de gardar o traballo e de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.

8. Os alumnos devolverán organizadamente os ordenadores ao carro de carga, colocándoos no sitio que lles corresponda e asegurándose de que quedan correctamente conectados ao cargador.
9. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma, o alumno deberá traballar na clase sen ordenador.
10. O uso do ordenador e da rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Queda, polo tanto, prohibido o acceso a páxinas cuxos contidos non sexan de carácter educativo. Tampouco se poderá gardar ningún arquivo que non teña que ver co traballo de clase.
11. Os alumnos teñen a obriga de entregar o equipo ao profesor que así o solicite para a súa revisión, así como a seguir calquera indicación que aquel lle faga respecto a súa utilización. En caso dun mal uso do equipo, este poderá serlle retirado ao alumno, ao que se lle aplicará, se fose o caso, a sanción que determine o RRI do centro.
12. Os alumnos deberán traer un lapis de memoria para gardar periodicamente o traballo.
13. As incidencias técnicas deben comunicarse ao profesor, que as anotará nun parte específico indicando o número de ordenador e o problema. Se o ordenador non se pode usar, debe gardarse igualmente no carro de carga ata que sexa arranxado.
13. As incidencias derivadas dun mal uso dos equipos serán tamén indicadas nese parte e darán lugar a unha sanción. Os custos derivados destes arranxos deberán ser aboados polos alumnos.
14. Os equipos non poden sacarse das aulas.

O. Persoal non docente e servizos

- A secretaría do centro detenta a xefatura inmediata do persoal non docente.
- As funcións do persoal non docente serán as que se contemplan no regulamento do corpo de subalternos.
- Ademais, entre clase e clase, colaborará co profesor de garda no mantemento da orde. Pasado un tempo prudencial e no caso de ausencia dun profesor de garda avisarán outro profesor de garda.
- Os alumnos están obrigados a obedecer as indicacións que lles fagan dentro do exercicio das funcións que teñan encomendadas.
- O persoal de limpeza desenvolverá a súa actividade de acordo cos criterios e horarios fixado pola secretaría.
- O persoal administrativo desenvolverá o seu traballo segundo os criterios que estableza a secretaría. En calquera caso, terá que atender o público desde o comezo ata o remate das clases da mañá.

P. Polideportivo e salón de actos

- O uso destas dependencias está regulado pola dirección do centro, que poderá permitir ou denegar o acceso a estas instalacións a aquelas persoas que non desenvolva no IES O Couto a súa actividade laboral cotiá.
-

PROCEDEMENTO ESPECÍFICO PARA O TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

O PAT da ESO recollerá como actividades, nas primeiras sesións de titoría do curso, actividades de prevención do acoso escolar e de información de actuación para o caso de sufrilo ou observalo en algún compañeiro/a.

O primeiro nivel de atención ao acoso escolar debe situarse nos centros educativos e debe ser liderado polos profesores e pola comunidade escolar. Considérase que hai acoso escolar cando un alumno/a se ve exposto de xeito repetido e deliberado a un maltrato físico, verbal ou psicolóxico por parte doutro compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as co obxecto de sometelo, apoucalo, asustalo ou ameazalo, atentando contra a súa dignidade ou integridade física ou moral. Pero o acoso entre escolares pode producirse tamén mediante outras condutas: comportamentos de desprezo, difamación ou ridiculización, coaccións, extorsións, chantaxes, deterioro de pertenzas, difusión de imaxes sen consentimento do interesado/a (vía internet ou mensaxería móbil...).

Faise necesario distinguir entre acoso escolar propiamente dito e agresións esporádicas. Segundo opinan varios entendidos na materia, para que exista acoso teñen que darse simultaneamente estas tres circunstancias:

- Intención de causar dano.
- Reiteración de condutas agresivas.
- Desequilibrio de forzas entre agresor e vítima.

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou indicios razoables dunha situación de acoso deberá poñela inmediatamente en coñecemento do equipo directivo quen, á súa vez, deberá garantir o anonimato de quen facilita a información.

O procedemento de actuación ante un indicio de acoso será o seguinte:

2. O equipo directivo investigará se se trata dun caso de acoso. En caso afirmativo deixará rexistro do sucedido. O equipo decidirá sobre a comunicación do acontecido a outras persoas (titor, profesores, familias, autoridades).
 3. O equipo directivo deberá garantir un incremento da vixilancia nos lugares e momentos máis propicios ás manifestacións do acoso no contorno escolar.
 4. O director instará o titor/a ou outra persoa para que manteña varias entrevistas:
-

- a) Co alumno/a acosado para informarse de quen acosa e quen colabora no acoso, da posible existencia de testemuñas, de onde e cando se produce o acoso e das súas consecuencias.
 - b) Con posibles testemuñas para informarse da frecuencia, do tipo de acoso e do lugar onde se produce.
 - c) Coa familia do acosado/a para informala dos feitos e das medidas tomadas.
 - d) Coa familia do(s) agresor(es) para informala da acusación, das evidencias e, no seu caso, do expediente disciplinario que se incoará.
 - e) Coa familia do(s) agresor(es) para contrastar a súa versión coas coñecidas até ese momento.
4. Con toda a información obtida, a dirección do centro decidirá sobre a incoación dun expediente disciplinario. Neste caso, pasarase informe á Fiscalía de Menores e, se algún dos alumnos/as implicados é menor de catorce anos, tamén se informará á Consellería que teña ao seu cargo a protección de menores.

Con ou sen expediente disciplinario, a xefatura de estudos dirixirá o seguimento do caso para asegurarse de que non se repitan esas condutas e propondrá que se leven a cabo as seguintes actuacións:

1. Co alumno/a acosado:

- a) O titor/a, en colaboración co departamento de Orientación e a familia do alumno/a utilizará estratexias para axudar a vítima a superar a situación.
- b) Os profesores do acosado/a farán actuacións para evitar que a vítima poida sufrir outras situacións semellantes.

2. Co(s) agresor(es):

Ademais do expediente disciplinario, o departamento de Orientación en colaboración coa Xefatura de estudos levará a cabo un seguimento do(s) agresor(es) durante o resto do curso. Se fose necesario enviaríanse os informes pertinentes á Fiscalía de Menores e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como, de ser o caso, aos organismos e institucións que teñan ao seu cargo a tutela de menores de idade.

3. Co grupo:

O titor/a realizará actividades, recollidas no PAT, sobre o xeito de actuar nos casos de acoso escolar (entre elas as de reprobar estas condutas, axudar o acosado/a, denunciar a situación...)

NOTA: Nos guiaremos polo protocolo de prevención detención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido en outubro de 2015 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

DEZ ACTIVIDADES PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO

Neste Plan de Convivencia do noso instituto incluímos un decálogo de propostas abertas de carácter xeral (moitas delas xa recollidas no PAT) que pretenden fomentar entre os membros da comunidade escolar os valores de colaboración, tolerancia, solidariedade, non violencia e responsabilidade.

Trátase de propostas abertas que tratan de fomentar valores e, polo mesmo, inciden nos principios educativos definidos polo PEC. Ademais, están formuladas de xeito tan xenérico que cada unha delas admite ramificacións que deberán ser concretadas no PAT.

Actividade 1: favorecer a integración do todos os alumnos/as na aula e no centro e educar no respecto aos dereitos humanos mediante a:

- Formación de grupos heteroxéneos.
- Planificación de charlas, conferencias e obradoiros que se centren nos devanditos cinco valores.
- “Titorización” duns escolares por outros (dentro da mesma aula ou dos maiores aos máis pequenos para axudar a organizarse e traballar).
- Divulgación de programacións e criterios de avaliación nas distintas materias.
- Elaboración de calendarios de exames.
- Celebración de días especiais no centro.
- Actuación conxunta co profesorado na “acolida” dos novos alumnos/as e nas despedidas das promocións que rematan una etapa de estudos.
- Colaboración especial na integración do alumnado que presenta necesidades educativas especiais (nee) e na integración do alumnado inmigrante.
- Solicitude de todo o que contribúa a humanizar e facer máis agradable o instituto (papel hixiénico, papeleiras necesarias, pechaduras, espellos nos lavabos...)
- Solicitude de celebración de actividades alternativas (noite lectora, concertos, cinefórum...)

Actividade 2: cultivar a autoestima e fomentar habilidades sociais no alumnado a través da:

- Análise de modelos que favorezan a aprendizaxe por observación e proposta de supostos.
- Oportunidade de practicar e avaliar a propia práctica.
- Outras actividades do PAT encamiñadas a que cada alumno/a se coñeza a si mesmo e a adquirir destrezas de superación.

Actividade 3: Educación para a paz moral e cívica, para a vida en sociedade, para a convivencia intercultural e co medio mediante a:

- Integración destes valores no currículo das distintas materias.
- Celebración de charlas, exposicións e debates sobre estes valores.
- Organización de actividades nas que o medio sexa protagonista.

Actividade 4: desenvolvemento da democracia escolar a través da:

- Posibilidade de que o alumnado faga propostas para mellorar este Plan de Convivencia.
- Posibilidade de que o alumnado elixa os seus representantes na Comisión de Convivencia e no Equipo de Mediación.
- Posibilidade de propoñer a celebración de actos lúdicos que fomenten a relación entre iguais.

Actividade 5: ensinar a detectar e combater problemas que conducen á violencia e a situacións sexistas, racistas, xenófobas e de intimidación e acoso mediante:

- O esforzo por integrar a aqueles alumnos que se illan con facilidade.
- A consideración do conflito como algo consubstancial ao ser humano e á súa vida social.
- O desenvolvemento de alternativas non violentas na resolución de conflitos utilizando o diálogo e a negociación.
- A cooperación entre partes afectadas.
- A denuncia e condena da violencia.

Actividade 6: fomentar o “discurso positivo” entre profesores

- Coidando a acollida de cada novo profesor/a así como a despedida por traslado ou xubilación.
- Evitando que os normais, e necesarios, desacordos pedagóxicos poidan afectar ás relacións interpersoais.
- Celebrando, ás veces, xuntanzas informais que axuden a confraternizar e melloren a convivencia.
- Propoñendo para o profesorado actividades libres non académicas.
- Implicando o profesorado a participar nos órganos do centro e en equipos de traballo como a Comisión da Convivencia e o Equipo de Mediación.

Actividade 7: fomentar a colaboración entre centro e familia

- Celebrando reunións colectivas para manter as familias informadas sobre as actuacións dos seus fillos/as.
 - Traballando os niveis de comunicación, especialmente dende a titoría, para que as familias sintan que o instituto é un lugar no que se teñen en conta as súas opinións.
 - Cambiando a visión, ás veces xustificada, de que algúns pais e nais actúan como “fiscalizadores” da tarefa docente.
 - Presentando con absoluta claridade dende o principio de curso as posibilidades que os pais/nais teñen de participar na vida do centro (axendas, horarios de entrevista...).
 - Considerando a especial importancia que ten a coordinación entre a ANPA e vicedirección para confeccionar un calendario de actividades extraescolares que nos permita avanzar nun modelo conxunto de centro.
-

- Implicando os representantes das familias no Consello Escolar a que participen ademais nas comisións de traballo relacionadas coa convivencia.

Actividade 8: fomentar a colaboración do persoal non docente, mediante:

- Unha adecuada acollida e presentación no principio do curso para que toda a comunidade coñeza os seus nomes e se poida dirixir adecuadamente a estas persoas.
- A implicación deste sector nos órganos do centro e nos equipos de traballo relacionados coa convivencia.
- A busca da implicación deste sector nas actividades lúdicas e pedagóxicas do centro para xerar un bo sentido de pertenza á comunidade.

Actividade 9: coñecer a realidade do centro en materia de convivencia:

- Aplicando cuestionarios para analizar a posible conflictividade nalgún grupo.
- Educando o alumnado a perder o medo a falar con docentes e equipo directivo para solucionar de maneira conxunta e efectiva posibles casos de conflito.
- Rexistrando calquera tipo de incidente, debidamente clasificado.

Actividade 10: resolver os conflitos

- Transmitindo os feitos a calquera profesor do grupo, titor/a, Xefatura de Estudos.
- Informando os pais/nais afectados.
- Recompilando información cando o conflito non quede definido na transmisión dos feitos e, posteriormente, clasificar o conflito segundo as nosas NOF segundo se trate dunha:
 - conduta contraria ás normas de convivencia
 - conduta gravemente prexudicial para a convivencia no instituto

NOTA: para levar a efecto o reflectido nos oito apartados do presente Plan de Convivencia é obvio que cómpre a implicación de toda a comunidade educativa, a transmisión eficaz e rápida da información, a utilización do diálogo e da reflexión, a demostración dunha certa comprensión ante os conflitos máis suaves sempre que non se volvan repetir, e a actuación firme para tratar de erradicar os conflitos máis graves.

DIFUSIÓN E AVALIACIÓN DESTE PLAN DE CONVIVENCIA

Difusión

Unha vez emendado e informado favorablemente polo claustro de profesores e polo Consello escolar o Plan de Convivencia pasará a formar parte da Programación Xeral Anual e difundirase entre todos os sectores da comunidade educativa mediante o sitio web do centro, titorías e a ANPA.

Avaliación

Como acontece con calquera plan do centro, é preciso, transcorrido un ano, comprobar se se teñen acadados os obxectivos anteriormente fixados e o grao de efectividade das actuacións e actividades especificadas para acadar os obxectivos. No caso que nos ocupa será a Comisión da Convivencia a instancia encargada de facer esas comprobacións, elaborando o correspondente Informe de Avaliación para llo entregar ao equipo directivo do centro. O Informe de Avaliación deberá considerar os seguintes indicadores:

- Índice de gravidade dos incidentes producidos no centro.
- Grao de desenvolvemento e efectividade das actividades propostas para mellorar a convivencia.
- Grao de implicación dos distintos sectores da comunidade educativa na prevención, detección e resolución dos conflitos xerados no instituto .
- Grao de resolución dos conflitos xerados.
- Grao de implicación da Administración educativa na resolución dos conflitos xerados no noso centro .

Hai unha serie de momentos nos que se debe realizar a avaliación do Plan de Convivencia:

- De xeito continuo por medio da observación e o intercambio de opinións entre o equipo directivo e os distintos membros da comunidade (memorias dos departamentos, titorías, intervencións do departamento de Orientación, da Comisión da Convivencia, da Comisión Pedagóxica, do claustro de profesores e do Consello escolar.
- Ao final do curso toda a información recollida incluírase na Memoria Final e servirá de referencia para propoñer as modificacións que se consideren oportunas para o Plan de Convivencia seguinte.

BASE LEGAL

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE (BOE do 4 de maio).

- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz.
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. (DOG do 8 de maio).
- Decreto 133/2007, del 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG do 13 de xullo).
- A Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Orientación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Instrucións da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberespazo nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia.

E ademáis:

- Proxecto Educativo de Centro (PEC)
 - Plan de Acción Titorial do centro (PAT)
 - NOF do centro
-